




Exp: 397

ID: 3697



**XEFE DE SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS**  
**DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA**  
**DO MEDIO RURAL DA CORUÑA**

Por medio da presente comunícolle para o seu coñemento e aos efectos oportunos, que o Xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña, na súa reunión do día 9 de maio do 2007, adoptou a seguinte acordo:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

Delegada Provincial da Consellería do Medio Rural  
D<sup>a</sup> Olga M<sup>a</sup> García Agra

**VOGAIS**

Representante do Servizo de Montes e Industrias Forestais

D. José J. Martel Muñoz-Cobos

Representante do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña

D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

D. Alfonso Vázquez – Castro Garma

Representante das Comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia

D. José Manuel Caramés Franco

Vogais representantes da comunidade de Torres e Vilamateo, das parroquias de Torres e Vilamateo do concello de Vilarmateo.

D. Jesús Vázquez García

D. Pedro Cortizas Vales

**SECRETARIA**

Xefa do servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural

D<sup>a</sup> J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da Coruña sendo o día 9 de maio do 2007, coa asistencia das persoas reseñadas anteriormente, reúnese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña co obxecto estudar e resolver o seguinte expediente:



**Expediente nº 397**  
**Monte: "Monte Grande"**  
**Comunidades: Torres e Vilamateo**  
**Parroquias : Torres e Vilamateo**  
**Concello: Vilarmaior**  
**Superficie: 109 has**  
**Parcela I: 106,57 has**  
**Parcela II: 2,43 has**

**Lindeiros:**

Cadra totalmente co expediente de deslindamento do "Monte Grande":

*Parcela I:*

Norte: atópase delimitado por unha liña que vai desde os cantos 1,2,3.... e seguintes ata chegar ó 84, que a separa de propiedades particulares.

Este: Liña que discorre dende o canto 84 e sucesivos ata chegar ó 107 do deslindamento e que separa o monte do termo municipal de Monfero e propiedades particulares.

Sur: Liña que partindo do canto 107 pasa polos seguintes do deslindamento ata chegar ó 170, a que tamén separa o monte de outras propiedades particulares.

Oeste: Liña que partindo do canto 170 pasa polos seguintes do mesmo deslindamento ata o piquete nº 1 e que a separa doutras propiedades particulares e do camiño veciñal da Feria del Tres a Casal

*Parcela II:*

Norte: Liña que partindo do canto 256 pasa polos seguintes do deslindamento ata chegar ó 265 e que separa o monte de diversas propiedades particulares e do río Aguarroibas.

Este: Liña que partindo do canto 265 e pasando polos seguintes do deslindamento chega ata o canto 268 separando o monte de propiedades particulares.

Sur: Liña que une os cantos 268 co 252 e que separa o monte do camiño veciñal da Feria del Tres a Casal.

Oeste: Liña que partindo do canto 252 chega ata o 256 e que separa o monte de propiedades particulares.

## ANTECEDENTES DE FEITO

1º D. Jesús Vázquez García, en calidade de presidente da xunta promotora, con data 23.12.2005 solicita a clasificación como veciñal en man común o monte denominado "Monte Grande", a favor dos veciños das parroquias de Torres e Vilamateo do Concello de Vilarmaior. Adxunta memoria técnica datada en decembro do 2005 na que se fai unha reseña histórica sobre unha anterior solicitude de clasificación do monte como veciñal no ano 1980 (expte nº 207), que, pese a telo informe favorable do inxeñeiro xefe provincial do ICONA á súa clasificación, non foi concluído. No informe faise constar, ademais, que o monte foi obxecto de deslindamento no ano 1970, e que os seus lindeiros coinciden na actualidade co mesmo; a existencia dun consorcio coa Xunta para a explotación madeireira, e dun campo de fútbol que ocupa case a totalidade da menor das dúas parcelas que conforman o monte. Tamén presenta relación de veciños comuneiros da parroquia de Torres e Vilamateo.

2º A vista de tal solicitude e da documentación achegada, así como do informe favorable ao inicio do xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común, o Xurado na súa reunión



de data 2 de febreiro do 2006, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeando como instrutor del a D. Alfonso Vázquez -Castro Garma quen aceptou expresamente o cargo.

3º Con data 12 de xullo do 2006, o xefe da Area Técnica de Montes Veciñais en Man Común do Servizo de Montes emite informe no que se fai constar que non constan que tradicionalmente veñen realizando os membros da xunta promotora e posibles comuneiros algún tipo de aproveitamento, consuetudinariamente, en réxime de comunidade sen asignación de cotas. Se ben este informe apoiase a súa vez – como nel mesmo se indica - no presentado polo técnico do Distrito Ambiental nº II o cal especifica que, en canto aos actos de disposición, nos últimos doce anos -tempo en que dito monte estivo xestionado por Axentes Forestais- non se realizou actos de disposición algunha por parte dos veciños do monte. Así mesmo, continúa indicando o informe referenciado de xullo do 2006, o monte está consorciado co concello de Vilarmajor co nº C-3134 e que – segundo as bases do devandito consorcio- a súa titularidade pertence ao devandito concello, incluíndose no inventario de bens rústicos deste. Por último, salienta a existencia dun campo de fútbol no monte de referencia- xa alegados polos promotores- que de se sacar este do perímetro do monte veciñal sería preciso a descrición dos seus límites e que estes veñan reflectidos tanto en información xeoreferenciada como no plano de levantamento topográfico.

4º Procedeuse á correspondente tramitación e librouse mandamento ao Rexistro da Propiedade de Pontedeume (2/08/2006) para que, en cumprimento do disposto no artigo 21 do Regulamento do 4 de setembro de 1992, expida certificación de asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, informando o 21 de agosto do 2006 que a finca non consta inscrita no Rexistro da Propiedade, alomenos nos termos como se describe na petición.

5º.- Así mesmo, e dando cumprimento ao disposto no artigo 23.2 do mentado regulamento, realizáronse o 15 de setembro do 2006 as comunicacións pertinentes do inicio do expediente de clasificación aos promotores; ao Sr. Alcalde do concello de Vilarmajor; ao xefe de Servizo de Montes e Industrias Forestais aos efectos de aproveitamentos; ao Rexistrador da Propiedade, a fin de que realice as correspondentes anotacións preventivas; e publicáronse edictos no Diario Oficial de Galicia (nº198, do 13/10/2006) e taboleiro de anuncios do concello, onde estivo exposto segundo certificación do secretario un mes: desde o 29 de setembro do 2006.

6º.- No prazo concedido para a práctica de alegacións, soamente se presentou o concello de Vilarmajor quen fai constar por escrito de data 10 de novembro do 2006, entre outras, que o Monte Grande pertence ao concello de Vilarmajor segundo o plan de xestión elaborado pola consellería de Medio Ambiente o 31 de outubro do 2003; que foi totalmente deslindado no ano 1970 e que con data 3 de marzo de 1964 asinou un consorcio co nº C-3134 entre a consellería de Medio Ambiente e o concello. Así mesmo, que os aproveitamentos madeirables os realiza a consellería do Medio Rural correspondendo o 40% ao concello segundo o consorcio vixente. Puntualiza, ademais, que o monte se ubica nas parroquias de Torres e Vilamateo e a solicitude para o declarar como veciñal soamente ven asinada por tres veciños da parroquia de Torres. Por último, fai constar que o aproveitamento cinxético do monte está cedido ao coto de caza nº 10.015 e que os veciños non veñen aproveitando consuetudinariamente o monte.

7º D. Jesús Vázquez García con data 4/12/2006, na súa condición de presidente da xunta promotora para a clasificación do “Monte Grande”, solicita sexa integrado ao expediente unha copia cotexada polo concello de Vilarmajor dun documento histórico do século XVIII no que – segundo alega- nun interrogatorio catastral se fai referencia “ ao común” en relación á “Ferigresía de Torres e Torres”e na que se describe, no capítulo terceiro, o término desta ferigresía.



8º Con data 23 de febreiro do 2007, e de acordo co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, estableceuse un trámite de audiencia previa á proposta de resolución a cal foi comunicada tanto aos promotores do expediente como ao concello de Vilarmaior a fin de que, no prazo de 10 días hábiles, realicen cantas alegacións consideren convenientes na defensa dos dereitos que crean lles asisten e presenten a documentación e xustificacións que estimen pertinentes, comunicándolles, ademais, a oportunidade da vista do expediente.

No seu escrito de contestación o concello de Vilarmaior alegou o 16 de marzo de 2007 os mesmos argumentos que os esgrimidos durante a tramitación do expediente para opoñerse á clasificación do “Monte Grande” como veciñal en man común.

Por ende, os promotores do expediente aportan os días 19 e 23 de abril do 2007 na defensa da súa pretensión a seguinte documentación para que sexa anexada á solicitude:

- acta notarial datada o 18 de abril do 2007, na que veciños das parroquias de Torres e Vilarmateo do concello de Vilarmaior manifestan que veñen utilizando o monte comunal denominado “Monte Grande”, pertencente as expresadas parroquias, con destino agrícola e gandeiro, sen nengún réxime de asinación de cotas.
- copias de escrituras notariais dos anos 1970, 1973 e 1977 de particulares veciños da parroquia nas que se indica que as súas fincas, sitas na parroquia de Torres do concello de Vilarmaior, lindan nalgunha das súas extremas con “montes comunes” ou “monte común” ou “monte comunal”.

9º Segundo os antecedentes de que se dispón, comprobouse que efectivamente no anterior expediente de clasificación deste monte como veciñal en man común iniciado no ano 1980 (expte nº 207) non soamente existía un informe favorable á mesma por parte do enxeñeiro xefe provincial do ICONA (17/02/1983: “no se encuentra inconveniente alguno en acceder a lo solicitado”), se non que existen escritos do propio concello de Vilarmaior apoiando esta solicitude dos veciños, o que non faría se considerase o monte como propio. Así, consta no expediente un acordo do pleno do concello de abril de 1982 – xa vixente o consorcio -no que, por unanimidade, e ante o escrito recibido do Xurado comunicando o arquivo do expediente por non presentar unha documentación sobre os lindeiros do monte, se suplica ao xurado a reapertura do expediente de clasificación do monte Grande en favor dos veciños de Torres e Vilarmateo xa que a falta de contestación ao requirimento “foi por un erro involuntario que se vai prontamente a emendar”.

Por outra banda, xa nas bases do consorcio asinado o 7 de setembro de 1963 entre o Patrimonio Forestal e o concello de Vilarmaior se establece na nº 12 que “o concello se compromete a entregar no seu día aos veciños que poidan resultar propietarios do monte obxecto deste consorcio, os beneficios correspondentes ás participacións que lles pertencen no vó arbóreo que se cree, en proporción ás súas respectivas cotas na totalidade do monte”. Tamén fai constar a referencia ao monte como “Comunal” ou máis coñecido como “Monte Grande” ou Fervenzas”. Por outra banda, no informe do deslinde do monte de referencia do ano 1971 faise constar expresamente a existencia de servidumes de paso, pastoreo e esquilmo.

10º Na xuntanza do Xurado Provincial de data 9 de maio do 2007 os veciños promotores se ratifican na súa pretensión e a preguntas do instrutor sobre a titularidade do campo de fútbol sito na parcela II do monte a clasificar, informan que é propiedade tamén dos veciños os cales solicitaron e recibiron para a súa construción unha subvención da deputación provincial de A Coruña no ano 1992; ademais, o mantemento do mesmo corre a cargo tamén dos veciños, posuindo documentación que o acredita.



11º Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ao caso

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdición e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º De conformidade co contido do artigo 11 da precitada Lei e artigo 19 do seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, os veciños das parroquias de Torres e Vilamateo, do concello de Vilarmajor son parte lexítima para solicitar a iniciación do presente expediente de clasificación.

3º Para a súa clasificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1,2 e 3 da Lei 13/89 e 1,2 e 3 do seu regulamento).

4º Consta no expediente abundante documentación que fai referencia á condición de monte comunal ou común do monte “Grande” da parroquia de Torres e Vilamateo:

- escrituras notariais datadas de hai máis de 30 anos, cando determinan os lindeiros doutras fincas limítrofes de particulares nas que se fai referencia a “monte común” ou “monte comunal”;
- propio consorcio do concello de Vilarmajor de 7 de setembro de 1963, na súa base nº 12 —incluída ad hoc— establece o compromiso do concello de entregar no seu día aos veciños que poidan resultar propietarios do monte obxecto do consorcio os beneficios..en proporción ás respectivas cotas na totalidade do monte;
- unha certificación do secretario do concello de Vilarmajor de 20 de decembro de 1963, e respecto ao consorcio de 1963, na que se indica en relación á distribución dos beneficios que se obtivesen do vó arbóreo do “Monte Grande e Fervenzas”, que “un vinte por cento da participación establecida en beneficios a favor do concello para os veciños dos lugares que veñen sendo os beneficiarios nos aproveitamentos do monte e outro vinte por cento para o concello”... , o que parece indicar un claro recoñecemento dun dereito a favor dos veciños que estaban aproveitando o monte naquel momento anterior ao consorcio asinado.
- mentado antecedente de expediente de clasificación do monte no ano 1980 que, aínda que non concluído, a documentación obrante no mesmo é favorable a súa clasificación: informe do ICONA e apoio do concello de Vilarmajor.
- as servidumes de pasto, esquilmo e pastoreo que se recoñecen como existentes no ano 1970 segundo informa o enxeñeiro do ICONA, ano no que se levou a cabo o deslindamento do monte;
- En canto á alegación do concello de Vilarmajor de que o aproveitamento cinxético do monte está cedido ao coto de caza nº 10.015, segundo información facilitada pola



delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente de A Coruña, “non consta a cesión de dereitos cinexéticos do monte público denominado monte Grande, xa que non incorporaron os citados terreos dentro dos seus lindes”.

5º O anteriormente referenciado fai indicar a condición de veciñal do “Monte Grande” desde tempos antigos se ben na actualidade recente non consta a existencia de actos de aproveitamento dos veciños como consecuencia da xestión do monte por parte da Administración local en virtude de consorcio, o cal, segundo xurisprudencia recente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non é obstáculo para a súa clasificación se queda probado (STS 24/4/2000) que o uso forestal por parte do concello se outorgou en circunstancias tales que evidencian a ausencia de posesión do aproveitamento como monte veciñal polos veciños no momento en que se produciu o consorcio, circunstancia que non se da no “Monte Grande” como queda probado na abundante documentación indicada no parágrafo anterior.

6º Das actuacións obrantes no expediente e, en particular, do relatado anteriormente, dedúcese que o “Monte Grande” cumpre coas esixencias legais establecidas para ser clasificado como monte veciñal en man común ao terse acreditado a súa titularidade veciñal e o seu aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos veciños da parroquia de Torres e Vilamateo do concello de Vilarmajor.

En consecuencia, este Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, de acordo coa Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, a proposta do Instrutor e por unanimidade dos asistentes,

ACORDA clasificar como monte veciñal en man común o denominado monte “Grande” en favor das comunidades de Torres e Vilamateo, das parroquias de Torres e Vilamateo do concello de Vilarmajor, cos lindeiros, superficie e características seguintes:

**Expediente nº 397**

**Monte: Monte Grande**

**Comunidades: Torres e Vilamateo**

**Parroquia: Torres e Vilamateo**

**Concello: Vilarmajor**

**Superficie: 109 has**

**Parcela I: 106,57 has**

**Parcela II: 2,43 has**

**Lindeiros:**

Cadra totalmente co expediente de deslindamento do “Monte Grande”.

**Parcela I:**

Norte: atópase delimitado por unha liña que vai desde os chantos 1,2,3.... e seguintes ata chegar ó 84, que a separa de propiedades particulares.

Este: Liña que discorre dende o chanto 84 e sucesivos ata chegar ó 107 do deslindamento e que separa o monte do termo municipal de Monfero e propiedades particulares.

Sur: Liña que partindo do chanto 107 pasa polos seguintes do deslindamento ata chegar ó 170, a que tamén separa o monte de outras propiedades particulares.

Oeste: Liña que partindo do chanto 170 pasa polos seguintes do mesmo deslindamento ata o piquete nº 1 e que a separa doutras propiedades particulares e do camiño veciñal da Fería del Tres a Casal

**Parcela II:**

Norte: Liña que partindo do chanto 256 pasa polos seguintes do deslindamento ata chegar ó 265 e que separa o monte de diversas propiedades particulares e do río Aguarroibas.



Este: Liña que partindo do chanto 265 e pasando polos seguintes do deslindamento chega ata o chanto 268 separando o monte de propiedades particulares.

Sur: Liña que une os cantos 268 co 252 e que separa o monte do camiño veciñal da Feria del Tres a Casal.

Oeste: Liña que partindo do chanto 252 chega ata o 256 e que separa o monte de propiedades particulares.

Así mesmo, acórdase excluír o declarado do inventario de bens do concello e do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural de A Coruña.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña 24 de maio de 2007

Vº e Prace A Presidenta do Xurado

Olga Mª García Agra



A Secretaria do Xurado

J. Amalia Lorenzo Penela



Deslinde total del monte  
"MONTE GRANDE"  
Ayuntamiento de Villarmayor  
Parroquia de Torres  
Nº 408 del Catalogo de Utilidad Pública  
Escala 1:5000

Cabidas

|           |        |
|-----------|--------|
| Parcela I | 106,57 |
|-----------|--------|

Parcela II 2,43

Cabida púb. 109,00 Has.



| PIQUET  | COLINDANCIA (PARCELA I)                                                           |                                                               |
|---------|-----------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|
| 1-3     | Eucaliptal, pinos y labradia "Fraga" de Genoveva Castelos López y Manuel Gandedo. | 234-235 Casa y Pinar "Fonte do Curro" de Juan Vázquez Penate  |
| 3-6     | Eucaliptal "Fraga" de Pablo Primoy                                                | 235-239 Eucaliptal "Fonte do Curro" de José García Pena       |
| 6-7     | Prado "Fraga" de Antonio Primoy Freire                                            | 239-240 Con el camino                                         |
| 7-9     | Pinar "Fraga" de María Antonia Sanmartín de Bernandis                             | 240-246 Labradia "Cano do Outeiro" de Sebastian Blanco Varela |
| 9-13    | Pinar "Fraga" de Nicolás Gandedo Castelos                                         | 246-247 Casa y labradia de Antonia Otero de García            |
| 13-15   | Pinar "Fraga" de José Penedo                                                      | 247-249 Labradia "Cano do Outeiro" de Antonio Otero de García |
| 15-18   | Pinar "Fraga" de Juliana Rico                                                     | 249-251 Labradia "Cano do Outeiro" de Jesús Gandedo Castelos  |
| 18-22   | Pinar "Galderra" de Jesús Moreira                                                 | 251-1 Camino vecinal de la Feria del Trés a Casal             |
| 22-24   | Pinar "Coto de Maledo" de Juan Vázquez Penate                                     |                                                               |
| 24-27   | Pinar "Coto de Maledo" de José Gámez Acción                                       |                                                               |
| 27-28   | Pinar "Coto de Maledo" de Francisco Cortizas García                               |                                                               |
| 28-29   | Pinar "Coto de Maledo" de Manuel Fernández Castelos y otros                       |                                                               |
| 29-30   | Pinar "Coto de Maledo" de José de Antonio Gallego y otros                         |                                                               |
| 30-31   | Pinar "Coto de Maledo" de Jesús Moreira Malde                                     |                                                               |
| 31-33   | Pinar "Coto de Maledo" de José de Jesús Penedo Sanmartín                          |                                                               |
| 33-35   | Pinar "Gal da Ra" de José de Antonio Gallego y otros                              |                                                               |
| 35-36   | Pinar "Gal da Ra" de María Blanco Varela                                          |                                                               |
| 36-38   | Pinar y eucaliptal "Gal da Ra" de José Ramón Maledo Pena                          |                                                               |
| 38-39   | Eucaliptal "Gal da Ra" de Francisco Cortizas López                                |                                                               |
| 39-41   | Pinar "Gal da Ra" de José de Juan Fernández Aldegue                               |                                                               |
| 41-43   | Pinar "Gal da Ra" de Manuel Díaz Pena                                             |                                                               |
| 43-44   | Pinar "Gal da Ra" de Manuel Perca Pena                                            |                                                               |
| 44-45   | Pinar "Gal da Ra" de José de Melchor Saco García                                  |                                                               |
| 45-48   | Pinar "Gal da Ra" de José Dapico Sanmartín y otros                                |                                                               |
| 48-50   | Pinar "Campo Grande" de José Roca García                                          |                                                               |
| 50-59   | Pinar "Campo Grande" de José de Ambrosio Blanco                                   |                                                               |
| 59-60   | Con el callejón                                                                   |                                                               |
| 60-74   | Pinar "Monte de Redela" de Manuel Amado Plaza y otros                             |                                                               |
| 74-79   | Pinar "Sotelo" de Manuel Gandedo García                                           |                                                               |
| 79-84   | Pinar "Marco do Sotelo" de José Sánchez Pena y otros.                             |                                                               |
| 84-85   | Pinar "Marco do Sotelo" de Manuel Amado Plaza                                     |                                                               |
| 85-87   | Pinar "Chousa do Marco" de vecinos de trixas                                      |                                                               |
| 87-91   | Tejal y Pinar "Marco do Sotelo" de vecinos de Montero                             |                                                               |
| 91-93   | Marhal "Marco do Sotelo" de vecinos de Montero                                    |                                                               |
| 93-98   | Pinar y eucaliptal "Pena Gedeira" de Jesús Gasanova Martínez                      |                                                               |
| 98-101  | Tejal y pinar "Galzados" de Bernardo Guzmán Díaz                                  |                                                               |
| 101-102 | Tejal "Galzados" de Jesús Penedo Varela                                           |                                                               |
| 102-103 | Tejal "Galzados" de Balbina Gasanova                                              |                                                               |
| 103-104 | Tejal "Galzados" de Jesús Penedo Varela                                           |                                                               |
| 104-107 | Eucaliptal "Galzados" de Jesús Díaz Guzmán                                        |                                                               |
| 107-114 | Pinar y eucaliptal "Chousas Vellas" de José de María Manuela Martínez Pardo       |                                                               |
| 114-115 | Pinar "Chousa Vella" de Jesús Amado Albariño y otros                              |                                                               |
| 115-119 | Pinar "Chousa Vella" de Jesús Amado Albariño                                      |                                                               |
| 119-121 | Pinar "Barranca" de José de Juan Pena Ribeiro                                     |                                                               |
| 121-123 | Herbal pino y eucaliptal "Porfo Saco" de José Vilarino Varela                     |                                                               |
| 123-124 | Pinar "La Gaceta" de Jesús Penedo Varela                                          |                                                               |
| 124-126 | Pinar "Lamas" de Manuel Primoy Martínez                                           |                                                               |
| 126-127 | Pinar "Lamas" de José de Anacleto García Gasansa                                  |                                                               |
| 127-129 | Pinar "Lamas" de Francisco Varela                                                 |                                                               |
| 129-130 | Pinar "Lamas" de Manuel Malado y otros                                            |                                                               |
| 130-131 | Pinar "Furado do Raposo" de Jesús Penedo Varela                                   |                                                               |
| 131-132 | Pinar "Furado do Raposo" de Francisco Rico y otros.                               |                                                               |
| 132-133 | Pinar "Furado do Raposo" de Guzmán García Abalado                                 |                                                               |
| 133-134 | Pinar "Furado do Raposo" de Manuel Ameneiro y hermanos                            |                                                               |
| 134-135 | Pinar "Viveiro" de Jesús Penedo Varela                                            |                                                               |
| 135-136 | Pinar "Viveiro" de Antonio Val Rico                                               |                                                               |
| 136-137 | Pinar "Viveiro" de Ramiro Pena Ribeiro                                            |                                                               |
| 137-139 | Pinar "Viveiro" de José de Genoveva Torres                                        |                                                               |
| 139-140 | Camino a Feira Nova                                                               |                                                               |
| 140-142 | Pinar "Feira Nova" de Francisco Pena Viñas                                        |                                                               |
| 142-143 | Pinar "Feira Nova" de Elvira Vázquez Leira                                        |                                                               |
| 143-145 | Pinar "Feira Nova" de Garmen Dopico Sanmartín                                     |                                                               |
| 145-146 | Con el Callejón                                                                   |                                                               |
| 146-147 | Pinar "Las Bordellas" de Antolina Souto García                                    |                                                               |
| 147-148 | Pinar "Las Bordellas" de Antonio García y otros                                   |                                                               |
| 148-149 | Barranco y Fonte do Curro                                                         |                                                               |
| 149-151 | Pinar "Fonte do Curro" de Manuel Gandedo García                                   |                                                               |
| 151-152 | Pinar "Fonte do Curro" de Sebastian Blanco Varela y otros                         |                                                               |
| 152-153 | Pinar "Gheira" de Antolina Souto García                                           |                                                               |
| 153-154 | Pinar y tejal "Choir" de Manuel Dopico, Ricardo Rico y Francisco Cortizas         |                                                               |
| 154-155 | Pinar "Campo Grande" de Juan Fernández Aldegue                                    |                                                               |
| 155-156 | Con la corredoira                                                                 |                                                               |
| 156-157 | Pinar "Campo Grande" de Juan Fernández Aldegue                                    |                                                               |
| 157-158 | Pinar y Eucaliptal "Campo Grande" de Manuel Gandedo García                        |                                                               |
| 158-159 | Pinar "Campo Grande" de José Feriña y otros                                       |                                                               |
| 159-160 | Pinar "Campo Grande" de José María Varela                                         |                                                               |
| 160-161 | Pinar "Fonte do Curro" de Francisco Cortizas                                      |                                                               |
| 161-162 | Pinar "Fonte do Curro" de Jesús Amado Amado                                       |                                                               |

(PARCELA II)

|         |                                                       |
|---------|-------------------------------------------------------|
| 252-254 | Pinar y Eucaliptal "El Salto" de Antonio Otero García |
| 254-256 | Eucaliptal "El Salto" de Serafín Montero Abalado      |
| 256-260 | Pinar "El Salto" de Antonio Millareño Lorenzo         |
| 260-263 | Rio Aguarroibas                                       |
| 263-265 | Prado "El Salto" de Jesús Moreira Malde               |
| 265-268 | Prado y Pinar "El Salto" de José Gámez Acción         |
| 268-272 | Camino vecinal de la Feria del Trés a Casal           |

LA CORUÑA, NOVIEMBRE DE 1970.

EL INGENIERO

*J. J. M.*

LA CORUÑA, NOVIEMBRE DE 1970

EL INGENIERO

Help / More



MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACION  
INSTITUTO NACIONAL PARA LA CONSERVACION DE LA NATURALEZA

JEFATURA PROVINCIAL DE LA CORUÑA

Edificio Delegaciones Ministeriales — Teléfonos 28 15 44 — 28 17 22 — 28 18 33

SU REF

SU ESCRITO

N. REF. Montes Vecinales.

ASUNTO: Informe sobre m/ "MONTE GRANDE"



Ilmo Sr.

3577

En contestación al oficio de ese Jurado respecto al monte de referencia, cuya declaración como vecinal en mano común ha sido solicitada por los vecinos de Torres y Villamateo, del término municipal de Villarmayor, por esta Jefatura se informa lo siguiente:

El monte solicitado coincide con el que bajo el nombre de "MONTEGRANDE", se encuentra consorciado con este Organismo e incluido en el C.U.P. bajo el nº 408. Su deslinde fué aprobado por O.M. de fecha 10 de marzo de 1.978.

El plano que remiten los solicitantes es el mismo que obra en las actuaciones correspondientes a tal deslinde, y en consecuencia por esta Jefatura se estima más práctico que los linderos, en lugar de citarse con respecto a propietarios de terrenos colindantes, se describieran relacionándolos con los piquetes del referido deslinde. En consecuencia, quedarían establecidos de la siguiente manera:

PARCELA I: Norte, se encuentra delimitado por una línea que va desde los piquetes 1, 2, 3 ... y siguientes hasta llegar al 84, que la separa de propiedades particulares.- Este, línea que discurre desde el piquete 84 y sucesivos hasta llegar al 107 del repetido deslinde y que separa el monte del término municipal de Monfero y propiedades particulares.- Sur, línea que partiendo del piquete 107 pasa por los si-

DADO CONOCIMIENTO A:

COPIA PARA  
☐ a  
☐ a  
☐ a  
☐ a  
☐ a

/ ...

guientes del repetido deslinde hasta llegar al 170, la que también separa al monte de otras propiedades particulares.- Oeste, línea que partiendo del piquete 170 pasa por los siguientes del mismo deslinde hasta el piquete nº 1 y que la separa de otras propiedades particulares y del camino vecinal de la Feria del Tres a Casal.

PARCELA II: Norte, línea que partiendo del piquete 256 pasa por los siguientes del deslinde hasta llegar al 265 y que separa el monte de diversas propiedades particulares y del río Aguarroibas.- Este, línea que partiendo del piquete 265 y pasando por los siguientes del deslinde llega hasta el piquete 268 separando el monte de propiedades particulares.- Sur, línea que une los piquetes 268 con el 252 y que separa el monte del camino vecinal de la Feria del Tres a Casal.- Oeste, línea que partiendo del piquete 252 llega hasta el 256 y que separa el monte de propiedades particulares.

Por este Servicio no se encuentra inconveniente alguno en que se acceda a lo solicitado.

Dios guarde a V.I.  
La Coruña,  
EL JEFE PROVINCIAL,

Ilmo Sr. Vicepresidente del Jurado Provincial de Montes Vecinales.-  
LA CORUÑA=-